

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:20 horas do día 18/10/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de **D^a. LUISA M^a SANCHEZ MENDEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D^a M^a SANDRA BASTOS MIGUEZ, D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D^a BELEN CACHAFEIRO ANTA, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, D^a DIGNA RIVAS GOMEZ** en substitución de **D. CARLOS GOMEZ PRADO, D. PACO FERREIRA GONZALEZ, D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ e D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA.**

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbbase por unanimidade, a acta de 20 de setembro de 2024

2.- DAR CONTA PROPOSTA DE ACORDO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS A CONCELLOS DE MENOS DE 20.000.00 HABITANTES DENTRO DO PROGRAMA “O TEU ESPAZO XUVENIL”

A contía destinada desta convocatoria ascende a 100.000,00 € concedidos en réxime de concorrencia non competitiva, resultando destinatarios 23 concellos, os cales deberán achegar como mínimo un 20% do custo total da actuación subvencionable

3.- DAR CONTA DA APROBACION POR RP DO PATROCINIO DEPORTIVO “CTO. DE EUROPA DE VELA NA CLASE MR” CO RCN SANXENXO.

A XG na súa sesión ordinaria de 20/09/24 acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, o patrocinio deportivo “Cto. De Europa de Vela na Clase MR” que se celebrou entre o 27 de setembro e 05 de outubro.

O patrocinio deportivo levarase a cabo co RCN Sanxenxo polo importe de 125.000,00 € (IVE incluído).

4.- DAR CONTA DA APROBACION DO PATROCINIO DEPORTIVO “MUNDIAIS U20 DE LOITAS OLIMPICAS” COA FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA E DA.

Mediante RP núm.2024006336 de 30/07/24, aprobouse o expediente para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade o patrocinio deportivo “Mundiais U20 de Loitas Olímpicas) que se celebrou entre o 02 e 08 de setembro de 2024.

O patrocino deportivo levarase a cabo pola Federación Galega de Loita e DA polo importe de 70.000,00 € (IVE incluído).

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:23 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

